

CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DUN PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL POR SUBSTITUCIÓN DE PERSOA TRABALLADORA OU POR CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCCIÓN NA CATEGORÍA DE TÉCNICO/A DEPORTIVO DE ACTIVIDADES ACUÁTICAS POLA FUNDACIÓN USC.

A Fundación USC é unha entidade de natureza fundacional, de interese galego, con personalidade xurídica propia, constituída por tempo indefinido ao abeiro do disposto no artigo 34.1 da Constitución Española e da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego.

A Fundación USC é un medio propio personificado da Universidade de Santiago de Compostela (no sucesivo, USC), que ten como finalidade de interese xeral colaborar na promoción e desenvolvemento dos fins propios da USC. Entre os fins propios da Fundación USC están: «prestar os servizos de carácter complementario ou instrumental que sexan necesarios para que a Universidade realice as súas funcións básicas e que non supoñan o exercicio da función de autoridade», «colaborar coa USC no desenvolvemento e xestión daquelas actividades que contribúan a unha mellor asistencia á comunidade universitaria», «promover a realización de actividades que favorezan a integración da Universidade na súa contorna económica, social, cultural», así como «fomentar, promover e xestionar actividades relacionadas coa extensión universitaria por si mesma ou en colaboración con outras institucións», «fomentar, promover, xestionar, organizar e prestar servizos relacionados coa actividade físico-deportiva», segundo prevé o artigo 6 do Título II, «obxecto da Fundación», dos seus Estatutos.

Na actualidade, a Fundación USC ten formalizado diferentes encargos de xestión e con data 29 de decembro de 2023 formalizouse un para a execución do desenvolvemento técnico de actividades físico-deportivas da Universidade de Santiago de Compostela.

Con motivo deste encargo de xestión a Fundación USC, dentro da programación deportiva anual, debe dinamizar as actividades físico-deportivas que se imparten na piscina universitaria. Para dar cumprimento a este servizo e coas limitacións de cadro de persoal que existen, a entidade precisa reforzar a estrutura coa contratación dunha persoa para a cobertura do servizo os sábados pola mañá.

Tendo en conta o exposto, o Xerente da Fundación USC, en virtude da delegación de funcións acordada polo Padroado da Fundación en sesión ordinaria de 22 de xuño de 2021 (acordo elevado a público en escritura do 13 de decembro de 2021, outorgada en Santiago de Compostela ante o Notario D. Marcelino Estévez Fernández, con número 1757 do seu protocolo), **ACORDA:**

1. OBXECTO

O obxecto da convocatoria é a realización dun proceso selectivo para a contratación temporal por substitución de persoas traballadoras ou circunstancias da produción e con carácter de urxencia.

A Fundación USC publicou por resolución do xerente con data 20 de novembro de 2018 un proceso de selección para a elaboración dunha lista de agarda na categoría de técnico deportivo con especialidade en actividades acuáticas.

A Fundación USC publicou por resolución do xerente con data 11 de setembro de 2023 un proceso de selección para a elaboración dunha lista de agarda na categoría de técnico deportivo multidisciplinar.

Con data 3 de novembro de 2023 publicáronse os resultados definitivos e a lista de agarda deste último proceso. A entidade precisou realizar chamamentos para a incorporación de ambas listas pero os candidatos e candidatas das mesmas rexeitaron incorporarse por causas xustificadas. Motivado polas necesidades de circunstancias da produción para a cobertura de dous postos de traballo na categoría de técnico/a deportivo/a en actividades acuáticas o xerente da Fundación, en base as atribucións que posúe, acorda a publicación dun novo proceso selectivo con carácter de urxencia a través do Servizo Público de Galicia.

O procedemento de selección atende aos principios de publicidade, igualdade, mérito e capacidade, seguindo un proceso de selección que garanta ditos principios.

As candidaturas solicitaranse directamente ao Servizo Público de Emprego de Galicia.

2. NORMAS XERAIS

- 2.1. O centro de traballo das persoas que se incorporen será o Campus Universitario de Santiago de Compostela.
- 2.2. A relación laboral establecida co/a candidato/a que resulte seleccionado/a será conforme ás seguintes condicións:
 - 2.2.1. Tipo de contrato: contrato temporal por substitución doutro traballador/a ou contrato temporal por circunstancias da produción.
 - 2.2.2. Xornada de traballo: sábados de 9:45 a 13:30 h.
 - 2.2.3. Lugar de traballo: Campus Universitario de Santiago de Compostela.
 - 2.2.4. Período de proba: 15 días.
- 2.3. O réxime xurídico estará regulado polo V Convenio colectivo de instalacións deportivas e ximnasia da Comunidade Autónoma de Galicia e a lexislación vixente.
- 2.4. Polo feito de participar no proceso de selección, cada unha das persoas candidatas sométese ás bases da convocatoria.

3. COÑECEMENTOS E FUNCÍONS

- 3.1.1. Realización das tarefas propias dun/ha técnico/a deportivo/a de natación con grupos de diferentes idades.
- 3.1.2. Realización das tarefas de control e asistencia dos diferentes grupos.
- 3.1.3. Dinamización directa das clases técnicas.
- 3.1.4. Fomento da educación en valores deportivos ao alumnado.
- 3.1.5. Velar polo bo uso das instalacións e o material deportivo.
- 3.1.6. Manter a orde e o control do alumnado.
- 3.1.7. Todas as demais que estean relacionadas coa natación e as actividades acuáticas.

4. COMISIÓN DE VALORACIÓN

A comisión de valoración estará integrada polos seguintes membros:

Presidente:

- Óscar Hermida Otero, xerente da Fundación USC, M.P.

Vogal:

- Rocío Bulnes Fraga, técnica deportiva da Fundación USC, M.P.

Secretaria:

- Marta Conde Vieites, xerenta adxunta da Fundación USC, M.P.

En caso de vacante, ausencia ou enfermidade, designaranse suplentes.

Os membros da comisión de valoración deberán absterse de intervir, notificándoo ao presidente da mesma, cando concorran neles calquera das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público. Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar aos membros da comisión cando concorran as devanditas circunstancias, a tenor do establecido no artigo 24 da mesma lei.

A comisión de valoración terá como funcións as de coordinar, executar e valorar o proceso de selección de acordo cos principios de igualdade, mérito e capacidade, transparencia e obxectividade. A comisión actuará con independencia, confidencialidade e discrecionalidade técnica na apreciación da idoneidade das persoas candidatas en relación cos requisitos esixidos para o desempeño do posto. Así mesmo, a comisión será a encargada de resolver todas as cuestións de interpretación que poidan xurdir na aplicación das presentes bases e no desenvolvemento do proceso selectivo. De ser o caso, a comisión poderá ser auxiliada e nomear a cantos/as asesores/as e especialistas considere oportuno para o axeitado desenvolvemento do proceso, que actuarán con voz pero sen voto para o auxilio á comisión no seu labor.

5. PUBLICACIÓN DA CONVOCATORIA

A presente convocatoria publicarase no **perfil de emprego** da entidade, na súa páxina web (www.fundacionusc.gal) así coma demais actos derivados do proceso e no Servizo Público de Emprego de Galicia.

6. SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN

6.1. Candidaturas:

6.1.1. Os/as candidatos/as serán enviados polo Servizo Público de Emprego de Galicia.

6.1.2. As candidaturas deberán cumprir os requisitos das persoas aspirantes que se indican no punto 7.

6.2. Presentación das candidaturas:

6.2.1. Todas as candidaturas dirixiranse ao Servizo Público de Emprego de Galicia.

7. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES PARA PODER SER ADMITIDAS

As persoas aspirantes deben reunir os seguintes requisitos:

- a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, consonte ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, do 20 de abril, do emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público.
- b) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitacións físicas ou psíquicas incompatibles co desempeño das correspondentes funcións do posto de traballo ao que se aspira.
- d) Non ter sido separado ou despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin encontrarse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso dos nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.
- e) Contar con algunha das seguintes titulacións (ou superiores):
 - a. Técnico superior en Ensinanza e animación sociodeportiva (ou equivalente)
 - b. Profesor de Natación

O cumprimento estrito dos requisitos será condición necesaria para a admisión dos/as candidatos/as ao proceso de selección.

8. DOCUMENTACIÓN A APORTAR COA SOLICITUDE

A documentación será remitida directamente polo Servizo Público de Emprego de Galicia.

9. LISTAXE DE PERSOAS ADMITIDAS

- 9.1. A lista de persoas candidatas que cumpran os requisitos esixidos no apartado 7 das bases da convocatoria e polo tanto admitidas a participar no proceso de selección será informada mediante a publicación na páxina web da Fundación USC, no seu portal de emprego.
- 9.2. Para reparar os defectos que motivaran a exclusión ou omisión da devandita listaxe, as persoas aspirantes disporán dun prazo de tres (3) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da devandita resolución no portal de emprego da Entidade.
- 9.3. As persoas aspirantes que dentro do prazo establecido non corrixan a exclusión ou reclamen a omisión, xustificando o seu dereito a estar incluídas na relación de persoas admitidas, serán definitivamente excluídas.

10. SISTEMA DE SELECCIÓN E BAREMO

O procedemento de selección será o concurso de valoración méritos, ao abeiro do disposto no artigo 57.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

10.1. O procedemento de selección constará das seguintes fases:

FASE I. Valoración de méritos (máximo 50 puntos)

A Comisión de Valoración poderá establecer unha puntuación mínima para ser convocados á Fase II.

Esta fase será cualificada de **0 a 50 puntos** desagregados como se especifica a continuación.

A. TITULACIÓN ACADÉMICA (máximo 9 puntos):

- a) Licenciatura ou Grao en Ciencias da Actividade Física e o Deporte ou equivalente: 5 puntos
- b) Ciclo formativo de Grao Superior da familia das actividades físicas e deportivas (diferente ao solicitado no apartado 7 da convocatoria): 3 puntos
- c) Mestrado ou Posgrao relacionado directamente coas funcións do posto de traballo¹: 1 punto

B. TITULACIÓN ESPECÍFICA² (máximo 9 puntos):

- a) Adestrador superior de natación, waterpolo ou natación artística: 9 puntos
- b) Adestrador auxiliar de natación, waterpolo ou natación artística: 6 puntos
- c) Profesor de natación (se non é a titulación de acceso solicita no apartado 7 da convocatoria): 3 puntos
- d) Monitor de natación: 1 punto

C. FORMACIÓN COMPLEMENTARIA (máximo 2 puntos):

Valoraranse cursos recibidos de formación e perfeccionamento.

Puntuación para os cursos relacionados coa praza:

- a) Cursos de aptitude recibidos: 0,02 puntos hora
- b) Cursos de asistencia recibidos: 0,01 puntos hora

Cando existan distintos niveis do mesmo curso, só se valorará o de maior nivel.

D. COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA (máximo 1 punto)

- a) Celga 2: 0,4 puntos
- b) Celga 3: 0,6 puntos
- c) Celga 4 e superior: 1 punto

¹ Estar en posesión dun máster impartido por centros de titularidade pública ou privada homologados e relacionados directamente coas funcións a desempeñar (1 punto por máster cun máximo de 1 punto).

² Só se valorará un título, non téndose en conta o título que servise para a obtención dun título superior.

E. EXPERIENCIA PROFESIONAL (máximo 29 puntos)

- a) Experiencia na mesma categoría ou equivalente e funcións similares na Fundación USC: 0,5 puntos por mes
- b) Experiencia na mesma categoría ou equivalente e funcións similares en administracións públicas ou entidades pertencentes ao sector público: 0,4 puntos por mes
- c) Experiencia na mesma categoría ou equivalente e funcións similares en entidades privadas: 0,3 puntos por mes

FASE II. Entrevista persoal (máximo 25 puntos)

Esta fase será cualificada de **0 a 25 puntos**.

A entrevista persoal que será realizada pola comisión de valoración e aqueles asesores que se poidan nomear será individual e valorarase o seguinte:

- a) Coñecemento da entidade que realiza o proceso de selección e o entorno da USC.
- b) Coñecemento sobre a dinamización de grupos no medio acuático.
- c) Actividade física, saúde e benestar físico e a súa relación coas actividades acuáticas.
- d) Elaboración e planificación dos contidos para a dinamización de actividades no medio acuático con carácter anual.
- e) Valoración do currículo vitae presentado pola persoa aspirante coa finalidade de coñecer as competencias e habilidades do/a candidato/a.
- f) Valoración da capacidade de traballo en equipo, habilidades de comunicación, capacidade de ensinanza, iniciativa e toma de decisións.

Unha vez realizada a valoración de méritos será publicada unha listaxe co día, a hora e o lugar de realización da entrevista na páxina web da Fundación USC (www.fundacionusc.gal) no apartado de emprego. A falta de presentación das persoas candidatas no día e hora establecidos para a realización da proba, ou o abandono no transcurso da mesma, implicará a súa exclusión automática e definitiva do proceso de selección -agás por causa de forza maior debidamente xustificada, que será libremente apreciada pola comisión de valoración-, sen que se xere dereito algún ao seu favor.

As persoas candidatas deberán presentarse provistas do DNI ou documento acreditativo da súa identidade en vigor. No suposto de atoparse en situación de renovación deses documentos, as persoas aspirantes deberán aportar acreditación de estar en proceso da súa renovación.

Rematada esta última fase, determinarase a relación final das puntuacións e da persoa candidata seleccionada na páxina web da Fundación USC no apartado de emprego.

A persoa seleccionada deberá poñer a disposición da Fundación USC os orixinais da documentación acreditativa especificadas no Currículo.

11. PROPOSTA DE CONTRATACIÓN

A proposta provisional de listaxe formulada pola comisión publicarase na páxina web (www.fundacionusc.gal) no apartado de emprego por estrita orde de puntuación final en orde

decrecente. De producirse empate na puntuación, a orde de desempate será a seguinte sen prexuízo de aplicación conforme á lexislación vixente:

- a) Puntuación obtida no apartado de experiencia.
- b) Puntuación obtida no apartado de formación complementaria
- c) Sorteio.

Contra esta proposta, as persoas aspirantes poderán presentar reclamación perante a comisión no prazo máximo de 3 días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación na páxina web. As reclamacións serán resoltas pola comisión de valoración.

Rematado o prazo sinalado neste punto sen terse presentado reclamacións ou, unha vez que foron resoltas, a comisión elevará a proposta definitiva de persoas aspirantes que conforman a listaxe, e publicarase no portal de emprego da Fundación. A persoa contratada para cubrir a vacante será a dúas primeira persoa da lista.

12. DISPOSICIÓNS FINAIS

A Fundación USC resérvase o dereito a realizar as xestións que considere oportunas para comprobar a veracidade e autenticidade da documentación xustificativa dos requisitos- así como de calquera outra-, aportada polo/a aspirante seleccionado/a con carácter previo á formalización do contrato. Calquera anomalía ou irregularidade detectada levará consigo a exclusión automática e definitiva do proceso selectivo, da relación de candidatos/as seleccionados/as e da lista de agarda, no seu caso, sen que se xere ningún tipo de dereito ao seu favor.

Durante o desenvolvemento do proceso, a comisión de valoración poderá realizar calquera comunicación aos/as candidatos/as por escrito ou telefonicamente, en base aos datos de “localización” indicados na solicitude; por este motivo, as persoas interesadas comprométese a manter actualizados ditos datos durante o proceso de selección, comunicando con suficiente antelación calquera variación dos mesmos.

Con carácter previo á formalización do contrato de traballo, a Fundación USC requirirá a achega de todos os documentos que se consideren esixibles e que non foran entregados durante o proceso de selección.

A Fundación USC garante a absoluta confidencialidade de todos os datos derivados do proceso selectivo que afecten as/os candidatos/as; así mesmo, se garante a protección dos datos de carácter persoal, en cumprimento do REGULAMENTO (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e á Lei Orgánica 3/2018 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais no que resulten de aplicación.

En Santiago de Compostela

O xerente
Óscar Hermida Otero